

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR TENDIDOS, TUBERIAS E GALERÍAS PARA AS CONDUCCIÓNS DE ENERXÍA ELÉCTRICA, AUGA, GAS OU CALQUERA OUTRO FLUÍDO, INCLUIDOS OS POSTES PARA LIÑAS, CABLES, ROSCAS DE ÁS, CAIXAS DE AMARRE, DE DISTRIBUCIÓN OU DE REXISTRO.



Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

1.- De conformidade co que prevé o artigo 58 en relación co artigo 20.3 k), ambos da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, segundo a modificación que establece o artigo 66 da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais e de carácter público, este concello establece a taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público local por "tendidos, tuberías e galerías para as conduccións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído, incluídos os postes para liñas, cables, roscas de ás, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, rieis, básculas, aparellos para venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público local, ou que voen sobre eles", que regulará a presente ordenanza, que se redactou conforme ó que dispón o artigo 16 da devandita lei 39/88.

Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible deste tributo, o aproveitamento do chan ou voo da vía pública e bens de uso público municipal con tendidos, tuberías e galerías para as conduccións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, roscas de ás, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, rieis, básculas, aparellos para venda automática e outros análogos.

Artigo 3º.- Obriga de contribuír.

A obriga de contribuír nace coa ocupación do chan ou voos da vía pública ou bens de uso público cos elementos que se indicaron no artigo anterior. Para os sucesivos exercicios ou alta inicial, a remuneración terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cesamento no aproveitamento, nese caso, a cota ratearase por tributos naturais.

Artigo 4º.- Suxeitos pasivos.

Serán suxeitos pasivos desta taxa os contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que aproveiten especialmente o beneficio particular do dominio público local.

Artigo 5º.- Base imponible e liquidable.

1.- Tomarase como base imponible do presente tributo:

a) Por ocupación directa do chan: o valor da superficie do terreo que ocupe o aproveitamento e as súas instalacións accesorias.

b) Por ocupación do voo, os metros de cables ou elementos análogos.

2.- Cando o aproveitamento do chan, subsolo ou voo das vías públicas municipais se realice por empresas explotadoras de servizos de subministracións que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, a base imponible consistirá nas ganancias brutas procedentes da facturación que obteñan anualmente ditas empresas no termo municipal.

Artigo 6º.- Categoría das rúas.

1.- Para os efectos da aplicación do apartado D) da tarifa, as vías

públicas deste municipio clasifícanse en catro categorías.

2.- Anexo a esta ordenanza figura un índice alfabético das vías públicas deste Municipio con expresión da categoría que corresponde a cada unha delas.

Artigo 7º.- Cota tributaria.

1.- A contía da taxa que regula esta ordenanza será a que se fixa na seguinte tarifa:

A).-

CONCEPTOS				UNIDADE	CATEGORIAS
RUAS/PESETAS ANO				DE DEBEDA	
1ª	2ª	3ª	4ª		
Roscas de ás				1 ud.	49
35	25	13			
Rieis				1 ud.	49
35	25	13			
Postes				1 ud.	192
143	100	52			
Cables				m lineal ou fracción	480
358	252	132			
Tuberías				m lineal ou fracción	480
358	252	132			

Rieis 358 252 132	m lineal ou fracción	480
Mangueiras 358 252 132	m lineal ou fracción	480
Transformadores 3578 2515 1318	m2 ou fracción	4806
Caixa de amarre distribución e registro 3578 2515 1318	m2 ou fracción	4806
Básculas 3578 2515 1318	m2 ou fracción	4806
Aparellos e bombas de gasolina e análogos 3578 2515 1318	m2 ou fracción	4806
Cabinas fotográ- ficas e máquinas similares 3578 2515 1318	m2 ou fracción	4806
Aparellos ou má- quinas de expe-		

dición de cal-
quera producto
non especificado
nos apartados an-
teriores.
3578 2515 1318

m2 ou fracción

4806

B) Non obstante o anterior, para as empresas explotadoras de servizo de subministración que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, a contía da taxa que regula esta ordenanza consistirá, en todo caso e sen excepción ningunha, no 1,5 % das ganancias brutas que procedan da facturación que obteñan anualmente en cada termo municipal as referidas empresas.

A contía da taxa que puidese corresponder a Telefónica de España, S.A., englobase na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o apartado 1 do artigo 4 da Lei 15/87, do 30 de xullo (disposición adicional 8ª da Lei 39/88, do 28 de decembro).

Artigo 8º.- Normas de xestión.

1.- As persoas naturais ou xurídicas interesadas na obtención dos aproveitamentos que regula esta ordenanza, presentarán no concello declaración detallada das instalacións que pretenden realizar, acompañando os planos correspondentes.

2.- Toda alteración nos aproveitamentos comunicaráse á administración municipal mediante a oportuna declaración, ata o último día do mes natural seguinte a aquel no que se produza, e, en tal caso, cando estes feitos dean orixe á aplicación de cotas máis elevadas só se liquidará a diferenza entre a cota superior e a que xa se satisfixo.

3.- Igualmente, presentaran tales declaracións en caso de baixa total ou parcial dos aproveitamentos que se concederon, dende

que o feito se produza e ata o último día do mes natural seguinte a aquel en que tivo lugar.

4.- O tributo recadarase anualmente nos prazos que se sinalaron para os efectos para os tributos de notificación colectiva e periódica.

Artigo 9º.- Responsables.

1.- Responderán con solidariedade das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores da crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 10º.- Obriga do pagamento.

a) Cando se trate de concesión de novos aproveitamentos, polo aboamento directo na Tesourería Municipal ou onde establececese o concello, pero sempre antes de retirar a correspondente licencia.

b) Cando se trate de concesións de aproveitamentos que xa se autorizaran ou se prorrogaran, e que se incluíron nos padróns e matrículas desta taxa por anos naturais, nas oficinas da Recadación municipal e nos prazos que sinala o Regulamento xeral de recadación.

Artigo 11º.- Exencións, reducións e demais beneficios legalmente aplicables.

Non se recoñece ningún beneficio tributario, salvo os que sexan consecuencia do que establecen os tratados ou acordos internacionais ou os que prevén as normas con rango de lei.

Artigo 12º.- Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do que prevé esta ordenanza, estarase ó que dispoñen os arts.77 e seguintes da Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable.

DISPOSICION DERRADEIRA

O texto da presente ordenanza fiscal substitúe e derroga ó da anterior que aprobou o Pleno en sesión de data 25.11.1999 e entrará en vigor e será de aplicación ó día seguinte da súa publicación íntegra no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

ANEXO

INDICE ALFABETICO DE VIAS PUBLICAS

Número de orde	Denominación da vía pública	Categoría
1	Aduana, Rúa	3ª
2	Alameda, Rúa	2ª
3	Alameda, Praza	2ª
4	Amaro Refojo, Rúa	2ª

5	Cabreiroá, Estrada	4ª
6	Caja de Ahorros, Rúa	3ª
7	Campo da Feira	4ª
8	Canella Cega, Rúa	3ª
9	Castelao, Rúa	3ª
10	Castilla, Avenida	2ª
11	Colón, Rúa	2ª
12	Concello, Praza do	2ª
13	Concepción Arenal, Rúa	3ª
14	Constitución, Rúa	2ª
15	Correos, Rúa	2ª
16	Coutos, Camiño Os	4ª
17	Cruz, Rúa	1ª
18	Cuartel, Rúa	3ª
19	Costa, Rúa	4ª
20	Curros Enríquez, Rúa	3ª
21	Deputación, Rúa	1ª
22	Eduardo Pondal, Rúa	4ª
23	Elle, Rúa	3ª
24	Elle, Travesía de	3ª
25	Eloy Luis André, Rúa	3ª
26	Elvira Carrera, Rúa	3ª
27	Espido, Rúa	3ª
28	Espido, Travesía	4ª
29	Flores, Rúa	2ª

30	Fonte do Sapo	4ª
31	Fontenova, Camiño de	4ª
32	Foxo, Rúa O	4ª
33	Galicia, Rúa	1ª
34	García Barbón, Praza	1ª
35	Granxa, Camiño A	4ª
36	Irmáns Fernández Álvarez, Rúa	2ª
37	Irmáns Moreno, Rúa	1ª
38	Juan Guerra Valdés, Rua	2ª
39	Lamas Carvajal, Rúa	3ª
40	Laureano Peláez, Rúa	1ª
41	Laza, Estrada (até Cñº. A Rasela)	2ª
42	Laza, Estrada (desde Cñº. A Rasela até fin do núcleo de Verín)	3ª
43	Lisa, Rúa	1ª
44	Luis Espada, Avenida	1ª
45	Ladairo, Rúa	1ª
46	Marbana, Rúa	3ª
47	Mariano Carrero, Rúa	2ª
48	Maior, Rúa	1ª
49	Maior, Praza	1ª
50	Matadoiro, Rúa	3ª
51	Matadoiro - Elle, Rúa	3ª
52	Mercado Comarcal, Rúa	4ª
53	Mercado Comarcal, Acceso norte	4ª

54	Mercado Comarcal, Acceso leste	4ª
55	Mercé, Rúa	2ª
56	Mercé, Praza	2ª
57	Montemaior, Rúa	1ª
58	Muralla, Rúa	2ª
59	Olivar, Rúa	4ª
60	Ourense, Rúa	2ª
61	Outeiro, Rúa	4ª
62	Otero Pedrayo, Rúa	3ª
63	Pedro González, Rúa	2ª
64	Polideportivo, Rúa	4ª
65	Portugal, Avenida de (desde Avenida Luis Espada até Rúa Aduana)	1ª
66	Portugal, Avenida de (desde Rúa Aduana até Piscinas)	2ª
67	Portugal, Avenida de (desde Piscinas até o final do núcleo de Verín)	2ª
68	Pozo, Rúa	3ª
69	Queizás, Camiño de (zona urbana)	3ª
70	Queizás, Camiño de (zona non urbana)	4ª
71	Rasela, Camiño A	4ª
72	Remedios, Travesía	2ª
73	Río, Camiño do	3ª
74	Río Búbal, Rúa	3ª

75	Río Camba, Rúa	3ª
76	Río Támeiga, Rúa	3ª
77	Río Mente, Rúa	3ª
78	Rosalía de Castro, Rúa	3ª
79	Santamarina, Rúa José	1ª
80	San Antón, Rúa	3ª
81	San Blas, Rúa	3ª
82	San Félix, Rúa	3ª
83	San Gregorio, Rúa	3ª
84	San Lázaro, Avenida	2ª
85	San Lázaro, Canellón	4ª
86	San Pedro, Rúa	3ª
87	San Roque, Calle	3ª
88	San Rosendo, Rúa	3ª
89	Santiago Apóstolo, Rúa	3ª
90	Santiago Rodríguez, Rúa	2ª
91	Sousas, Avenida de	2ª
92	Sousas, Travesía de	2ª
93	Silvio Santiago, Rúa	3ª
94	Subida a Monterrey, Rúa	4ª
95	Traviesa, Rúa	4ª
96	Vences, Estrada de	4ª
97	Veiga, Travesía A	3ª
98	Vello de Sousas, Camiño	3ª
99	Vello de Fontenova, Camiño	4ª
100	Vicente Risco, Rúa	3ª

101	Viriato, Rúa	3ª
102	Resto rúas de Verín (terreo urbano)	4ª
103	Rúas de Feces de Abaixo (terreo urbano)	3ª
104	Rúas de Pazos (terreo urbano)	3ª
105	Resto de rúas núcleos rurais do municipio (terreo urbano)	4ª

O promedio do valor do mercado da utilidade que se deriva pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, de acordo co informe do aparellador municipal, é o seguinte:

Categoría de rúa	Ptas
Rúas de primeira categoría	78 800
Rúas de segunda categoría	48 650
Rúas de terceira categoría	51 250
Rúas de cuarta categoría	21 600

O alcalde

O secretario

DILIXENCIA:

Para facer constar que o texto da presente Ordenanza publicouse íntegramente no B.O.P. núm. 55 con data do 8 de marzo do 2000.

O secretario,